

O ARCIPRESTADO DE PRUZOS

José Cardeso Liñares
Delegado de Arte Sacro da Vicaría da Coruña.

En xeral admítese que a división territorial de Galicia en arciprestados e parroquias, establecida na Galicia sueva, se adapta mellor ás condicións xeográficas e sociais que a dos concellos, que se impuxeron fai agora 175 anos. As estradas modernas e o crecemento demográfico de vilas e cidades, co despoamento das zonas rurais, teñen alterado considerablemente a vida de Galicia e dos galegos: traballo, cultura, vida social, etc. O “Sinus Artaborum”, as rías de Ferrol, Pontedeume, Betanzos e A Coruña superpoboáronse a base de inmigrantes do interior, onde xa só quedan vellos e as terras abandonadas. A natalidade descendeu e as familias rómpense... ¡Comezo de século e milenio conflictivos!.

En convenio entre Estado-Xunta e a Igrexa de Galicia acordouse facer o inventario de todas as obras de arte relixiosa que se conservan nas nosas igrexas. Estase a facer por arciprestados, e este inventario fíxose en todas as igrexas de PRUZOS no ano 1997. Formei parte do equipo dirixido polo Museo de Pontevedra e a Universidade de Santiago, e catalogamos toda a arte relixiosa de PRUZOS. Quero resumir algúns logros desta grata peregrinación por estas belas e interesantes parroquias:

a) **Pruzos**: Este topónimo xeneralizado a toda a comarca procede dunha aldea, hoxe moi pequena, que hai na parroquia de S. Martiño de Churío, no municipio de Irixoa. Polos restos arqueolóxicos achados e por antigas estirpes vencelladas á zona dedúcese que Pruzos debeu ser importante para dar nome a todo o arciprestado xa na Galicia sueva. Con outros nomes ten pasado o mesmo, por exemplo, Seaia, Xanrozo, Faro, etc. Non hai referencias ao significado etimolóxico da palabra pruzos.

b) **O arciprestado**: Dos 45 arciprestados do arcebispado de Santiago, hoxe distribuídos nas tres vicarías (Pontevedra, Santiago e A Coruña), é Pruzos o que ten maior número de parroquias, anque non de poboación. Ten 44 freguesías, anque no ano 1975 se lle separaron Tiobre e Obre, pola súa proximidade a Betanzos, e uníronse a Xanrozo. Non hai ningún outro arciprestado que abranca 42 parroquias. Ten 68 igrexas, parroquiais e capelas ou ermidas, varios mosteiros, entre os que sobresaen Monfero e Breamo, e as súas freguesías forman sete municipios: Pontedeume, Miño, Vilarmajor, Monfero, Paderne, Irixoa e parte de Aranga. O seu territorio ten por límites os ríos Eume e Mandeo, as rías de Pontedeume e Betanzos, e a provincia de Lugo co bispado de Mondoñedo.

c) **Paisaxe e relixiosidade:** A relixiosidade popular de Pruzos é moi racional e afectiva, a penas hai supersticións e consérvanse como valores culturais tradicionais as súas festas parroquiais e comarcais e tamén as súas antigas obras de arte relixiosa. Foi unha comarca que sempre sobresaíu pola boa ensinanza e as prácticas relixiosas: escolas e igrexas. Os tres santuarios de Pruzos foron e son aínda centros de moita peregrinación: A Virxe da Cela no mosteiro de Monfero, San Paio das Viñas, en Tiobre (a ermida está en ruínas, pero a próxima igrexa parroquial conserva o culto ao Neno Santo galego), e Santa Cruz de Aranga, onde a tradición di que se venera alí unha reliquia da Vera Cruz do Calvario.

Outras particularidades desta zona de Pruzos: Por aquí pasaba (desde Pontedeume a Betanzos) o Camiño do Mar de Santiago. En Neda e Viveiro desembarcaban os peregrinos ingleses e nórdicos para seguir a ruta a pé deica Santiago. Moitas igrexas dedicadas a Santiago apóstolo e o santuario da Virxe do Camiño dan testemuño. As vistas panorámicas desde a torre de Andrade e desde o monte Breamo son únicas e das máis fermosas de Galicia. É mágoa que a paraxe do cumo do Breamo esté afeada pola plantación de eucaliptos, que impiden a visión do panorama. Por algo dicía o catedrático Alonso del Real "*O P. Salvado trouxo de Australia os eucaliptos e esqueceu traer canguros*".

As fragas do Eume e as do Mandeo son conxuntos únicos, cheos de vitalidade, paisaxes, plantas, augas e cascadas, con arte e recordos indelével. Pódese afirmar que Pruzos é o mellor conxunto de paisaxes, vistas, obras de arte, conxuntos aldeáns e urbanos, terra, mar, ríos, montes, bosques, etc... únicos en Galicia.

d) **Igrexas románicas:** Pruzos conserva un conxunto de igrexas románicas que, anque inferior en número a outros arquiprestados, sen embargo manifestan a importancia da zona nos séculos XI e XII e a tradicional conservación da arte relixiosa do noso pobo. Ao longo dos séculos estas igrexas padeceron reformas e ampliacións, pero en todas perviven vestixios da súa orixinal factura románica: As fachadas e as espadanas foron reconstruídas nos séculos XVII, XVIII ou XIX, as

naves foron agrandadas ao medrar a poboación, etc. Son dez as igrexas románicas de Pruzos: Ambroa, Vilouzás, Doroña, Andrade, Breamo, Vilanova, Verís, Tiobre, A Esperela e San Cosme de Mántaras. Algunhas son modelos polas súas formas, coma as de Ambroa e Vilanova; outras son únicas pola súa grandiosidade, como Breamo.

Mántaras-Ermita de S. Cosme.





Dorña-Igrexa parroquial.

Breamo-Igrexa de S. Miguel.



e) **Obras de arte singular:** Quero sinalar como curiosidades de gran valor algunhas obras de arte admiradas en Pruzos:

As cruces parroquiais da Viña e a de Vilouzás. A primeira é unha xoia do século XVI, única en todo o arciprestado. A de Vilouzás, tardomedieval, de brazos iguais, e das poucas denominadas como cruz grega.

Tres retábulos magníficos: O retábulo maior da capela das Virtudes, acaso o máis grandioso do arciprestado, é barroco e de columnas salomónicas, precisa de urxente restauración. O retábulo de Adragonte co seu precioso apostolado en tallas de medio corpo, só o busto dos 12 apóstolos, caso único. O retábulo maior da igrexa conventual de Monfero, desmontado nos anos 60 e as súas pezas e esculturas xácen amoreadas no coro alto da igrexa; xa desapareceron moitas pezas e outras están podres ou trilladas.



Virtudes (Pontedeume) Retábulo mayor.

f) **O patrimonio cultural e artístico:** cada vez que se comete algún atentado contra a cultura ou a arte popular quedamos desgustados, tal é o caso recente dos "talibán" en Afganistán, pero tamén na nosa culta e progresista Galicia tense atentado contra a cultura e a arte do noso pobo. Cito algunhas aberracións:

- A desamortización do século XIX, que arruinou o convento de Monfero, e del saíron para Doroña, Vilouzás, Queixeiro, Pontedeume, Betanzos, Xestoso, Torres, A Viña, O Porto, igrexas de Santa Xuliana e S. Fiz de Monfero, etc. preciosas obras de arte como imaxes, retábulos, cálices, cruces, copóns, etc... Algunhas destas xoias se conservan pero outras perdéronse.



Adragonte-Retábulo mayor.

- A queima de igrexas na II República, que nos anos 1931, 1934 e 1936 converte en cinzas case un cento de templos nas Mariñas (Condes e Frades)

A teima posterior ao Concilio Vaticano II de espir as igrexas para que as obras de arte non distraxesen os fieis. Así se retiraron retábulos e vendéronse imaxes antigas á aproveitados anticuarios. Tamén se cambiaron imaxes vellas de talla por outras modernas de escaiola, apodadas de Olot, porque os cataláns fixeron con elas o gran negocio.

Os antigos arquivos parroquiais, que conteñen nos seus vellos libros a historia do noso pobo e son os documentos máis valiosos, están pasando unha crise irreversible: Moitas casas rec-

torais en zonas rurais están abandonadas e desmorónanse, e en moitas delas deixáronse abandonados libros e documetos do arquivo. Acaso xa un dez por cento dos arquivos parroquiais se perderan total ou parcialmente. O arcebisado de Santiago ordenou, hai agora vintecinco anos, que todos os arquivos parroquiais se concentrasen en Santiago. Moitos non obedeceron, pero coido que non é esta a solución axeitada, senón facer arquivos comarcais nas vilas ou nos centros de comarca. Un só arquivo en Santiago para as 1500 parroquias é un despropósito e nunca se logrará.